

Autor: **CHEMA HERAS**

Ilustradora: **ROSA OSUNA**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Avós"
Demademora. ISBN 978-84-8464-533-7
- Castelán: "Abuelos"
Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-513-9
- Catalán: "Avis"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-935912-0-5
- Euskera: "Amama eta aitita"
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-8464-169-8
- Portugués: "Avós"
Livros para sonhar. ISBN 978-972-8781-75-0

Prezo: 13 €

AVÓS

- ◆ SELECCIÓN 'OS MELLORES 2004'
(BANCO DO LIBRO DE VENEZUELA)
- ◆ PREMIO LLIBRETER 2003

...A avoa sorriu e foise mirar no espello:


- **Non. Eu son fea coma unha galiña sen plumas,**
 - **dixo ela, prendendo a margarida no pelo.**
 - **Non digas iso, muller! Ti es feitiña coma o sol.**
- E fai o favor de apurar, que temos que ir bailar!**

Chema Heras relata en "Avós" a tenra historia de dous velliños, Manuel e Manuela, que aceptan con naturalidade as marcas dos anos. Manuela é coqueta coma unha rapariga e a Manuel encántalle bailar con ela. A través dunha estrutura acumulativa e un texto de ton poético, "Avós" invítanos a atopar a beleza a través dos ollos do amor, amósanos todo o cariño que pode existir cando o corpo murcha e descúbrenos as vantaxes de vivir cun sorriso nos beizos.

As ilustracións de Rosa Osuna destacan, a través da acuarela, o sentido lírico do texto, cun estilo sinxelo e expresivo de cores suaves, que suxiren e insinúan a dozura contida nos personaxes. Un álbum para nenos -sobre anciáns- que non ten idade, galardoado co 'Premio Llibreter 2003', outorgado polo Gremio de Libreiros de Cataluña. Tamén foi incluído na lista "Os mellores de 2004" por parte do Banco do Libro de Venezuela. A obra está publicada en brasileiro, chinés, xaponés e coreano por editoriais deses países.

CHEMA HERAS (Ávila, 1957)

É mestre de inglés en Cambados (Pontevedra) e pertence ao consello da editorial galega FAKTORÍA K DE LIBROS. Editou o libro de poemas "Nido de amor e cuna" (edición de autor, 1982) e unha colección de contos para a ensinanza da lectura en galego titulado "Bulebule". Durante a súa estandía en Australia escribiu unha serie de libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur.



En 1990 publicou "A fuxida dos Nenos" (Ed. Sotelo Blanco) e en 1999 "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis", editado por KALANDRAKA en galego, castelán, catalán e portugués. Tamén fixo a tradución ao castelán de "Las aventuras de Pinocho", obra coa que KALANDRAKA acadou o título número 100 do seu catálogo nesta lingua.

ROSA OSUNA (Segovia, 1961)

Licenciada en Belas Artes (Madrid) na especialidade de deseño. Dende entón traballa no mundo do deseño e da ilustración publicitaria, que combina con diferentes proxectos, como escenografías para teatro e animación con plastilina. Dende 1996 traballa na ilustración de libros de texto. "Avós" foi o seu primeiro álbum ilustrado para nenos, aos que seguiron "Non é fácil pequeno esquío", "O Oso Fabuloso" e "Un agasallo diferente", editados por KALANDRAKA. Como ela afirma: "Cando sexa maior quero pintar como os nenos, entender o espazo como eles, poder condensar o mundo nun debuxo coa sinxeleza que eles o fan".

- **Temática:** o paso do tempo nas persoas, a idade, a vitalidade
- **Idade:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** texto poético; ilustracións feitas con acuarela; obra gañadora do Premio Llibreter 2003; recomendada polo Banco do Libro de Venezuela
- **Aplicacións:** homenaxe á vitalidade dos anciáns, asumir o paso dos anos con naturalidade